



PREGUNTAS FRECUENTES: Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora do 2019.

Esta convocatoria é a convocatoria de 2019, de xeito que todos aqueles que solicitasen este complemento na convocatoria correspondente ao 2014 deberán presentarse a esta convocatoria, xa que, de conformidade co disposto na normativa, caducará a parte correspondente a avaliación adicional. A convocatoria correspondente ao 2020 está previsto que sexa publicada a finais do presente ano.

1-¿Quen pode solicitar o complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora?

Os profesores integrados no cadro de persoal docente e investigador, como funcionario ou como contratado doutor, tanto de carácter fixo como de carácter temporal, de calquera das universidades públicas de Galicia.

2-¿Que requisitos básicos se deben cumprir para presentarse a este complemento por primeira vez?

Deberá acreditarse ter un ano de servizo na praza, como CD ou funcionario, de carácter fixo ou temporal, cumprido segundo a data establecida en cada convocatoria e ter recoñecidos, ademais, 2 quinquenios de docencia por parte da Universidade e 1 sexenio de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), con efectos establecidos por cada convocatoria.

Nesta convocatoria, os quinquenios e sexenios que se poderán alegar son os concedidos antes do 31 de decembro de 2018. Os concedidos no 2019 poderán alegarse na convocatoria do 2020. Tendo en conta o anterior, os sexenios de transferencia aínda non se poderían incorporar a esta convocatoria.

3- ¿Cómo se estrutura este complemento?

Este complemento consta de dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional.

Valoración básica: neste apartado teranse en conta única e exclusivamente os méritos e criterios que a seguir se indican:

- **Docencia:** quinquenios docentes recoñecidos polas universidades públicas. Cada quinquenio valorarase con 0,75 puntos.
- **Investigación:** sexenios de investigación recoñecidos pola Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora. Cada sexenio valorarase con 1 punto.
- Tendo en conta que a posesión de dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación son requisitos mínimos de presentación, exclúense da regra anterior, sendo valorados conxuntamente en **1 tramo**.

Valoración adicional: teranse en conta os méritos e condicións que a continuación se relacionan:

- **Docencia:** valoraranse os méritos relativos á actividade, formación, innovación e xestión docente, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida, de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2,5 tramos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente.

- **Investigación e transferencia de coñecemento:** valorarase a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar neste apartado será de 2.5 tramos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente, dos cales non poderán presentar máis de catro no apartado de investigación nin máis de catro no de transferencia e de divulgación de coñecemento.

4- ¿Cantos tramos poden obterse?

O número máximo de tramos será de 14, dos cales, 9 serán resultado da valoración básica e 5 da adicional.

5- ¿Que período se avalía en cada convocatoria?

Avaliaranse os méritos acadados durante os **últimos 5 anos** naturais previos a cada convocatoria. Sen embargo, na primeira solicitude poden alegarse todos os quinquenios de méritos docentes e sexenios de méritos de investigación acadados ata ese momento de xeito que se consoliden na avaliación básica, para que en sucesivas convocatorias só teñan que alegarse os concedidos posteriormente.

6- Unha vez concedido o complemento ¿Cando debe volver solicitarse?

En primeiro lugar e, aínda que resulte obvio, a solicitude deste complemento é completamente voluntaria. Os tramos acadados na valoración básica son consolidables, mentres que os correspondentes á valoración adicional caducan ás cinco convocatorias, polo que, unha vez transcorridas estas, deberase presentar unha nova solicitude de avaliación.

Existe tamén a posibilidade de presentar unha nova solicitude (de reavaliación), unha vez transcorridas un mínimo de 3 convocatorias dende a última na que á persoa solicitante se lle concedeu o complemento.

Esta solicitude (de reavaliación) suporá someter unha avaliación completa (básica e adicional) que substituirá, a todos os efectos, á avaliación anterior

Os requisitos para solicitar a reavaliación do complemento son:

1. O transcurso dun mínimo de 3 convocatorias dende a última na que á persoa solicitante se lle concedeu este complemento.
2. A obtención polo solicitante dun novo mérito de avaliación básica (quinquenio ou sexenio) concedido dentro do período establecido na correspondente convocatoria.

As persoas solicitantes contan cun histórico de datos dentro da aplicación informática de ACSUG. No menú, a esquerda da pantalla, na pestana 'estado das solicitudes' aparecerá a última avaliación na que se presentou a este complemento.

	CONCESIÓN DO COMPLEMENTO	CADUCA A AVALIACIÓN ADICIONAL DO COMPLEMENTO	PÓDESE SOLICITAR UNHA REAVALIACIÓN ¹	
CONVOCATORIA	2014	2019		
periodo avaliado	2013-2009	2018-2014		
CONVOCATORIA	2015	2020 ²	2019	
periodo avaliado	2014-2010	2019-2015	2018-2014	
CONVOCATORIA	2016	2021	2019	2020 ²
periodo avaliado	2015-2011	2020-2016	2018-2014	2019-2015
CONVOCATORIA	2017	2022	2020 ²	2021
periodo avaliado	2016-2012	2021-2017	2019-2015	2020-2016
CONVOCATORIA	2018	2023	2021	2022
periodo avaliado	2017-2013	2022-2018	2020-2016	2021-2017
¹ Sempre que se obtivese polo solicitante un novo mérito de avaliación básica (quinquenio ou sexenio) concedido dentro do período establecido na correspondente convocatoria.				
² Está prevista a publicación da convocatoria no último trimestre do 2020.				

7- ¿Como e onde deben cubrirse e xerarse as solicitudes?

1º. As solicitudes (instancia e anexo de méritos) deberán cubrirse en formato dixital na aplicación informática da ACSUG (anexos III). Accederase a estas a través da páxina web www.acsug.es (últimas novas ou convocatorias abertas).

2º Unha vez cubertos os impresos (anexos III e relación de méritos) xerarse un documento PDF.

3º **Este documento PDF** (anexos III e relación de méritos) **debe presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia** <https://sede.xunta.gal>.

8. ¿Como e onde deben presentarse as solicitudes?

As solicitudes deben presentarse na sede electrónica: <https://sede.xunta.gal>?

É importante ter en conta que toda solicitude que non fose presentada a través do rexistro da sede electrónica da Xunta de Galicia non será tramitada. Xa que este é o único medio válido para a presentación das solicitudes.

1-Debe disporse dalgún dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede (certificado electrónico, DNI electrónico ou Chave365) establecidos para esa plataforma.

2- Para buscar o procedemento debe inserirse no buscador da páxina principal o código do procedemento: ED701A

3- Unha vez dentro, deberán cubrirse só os campos obrigatorios do formulario (datos persoais e datos de notificación, saíran con asterisco cando lle de a gardar).

4- No formulario deberá xuntarse o anexo III, xerado na plataforma da ACSUG previamente. Poderán xuntarse todos aqueles xustificantes (mesmo o CV)que non foran introducidos nesta.

5- Debe facerse a presentación en liña da solicitude que, unha vez concluída, xerará un xustificante de entrega coa data e hora da entrada en rexistro (documento de vital importancia para dar por concluído o proceso na sede)

En caso de dubida ou dificultades técnicas relativas á sede electrónica, poderán dirixirse ao teléfono **012** ou ao correo electrónico **012@xunta.gal**.


9. ¿Cal é a documentación que debe achegarse e como debe achegarse?

Xunto coa instancia deben achegarse os seguintes documentos:

- Documentación acreditativa dos citados méritos curriculares presentados. O tipo de xustificante de cada mérito, ven indicado na guía do solicitante.
- Documentación acreditativa, de selo caso, do desfrute de permiso por baixa maternal no período establecido pola convocatoria.
- Curriculum vitae completo actualizado en calquera dos formatos existentes (pode introducilo en datos xerais/datos persoais da aplicación da ACSUG)
- No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, do DNI /NIE, ou das certificacións relativas aos quinquenios recoñecidos pola universidade e aos sexenios, recoñecidos pola CNEAI, deberán indicalo no cadro correspondente)
- Outros documentos que a persoa solicitante considere relevantes.

No caso de que algún destes documentos non fosen incorporados na aplicación, deberán presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> xunto á súa solicitude.

En relación á **documentación acreditativa dos méritos curriculares**, é recomendable achegala na aplicación informática da ACSUG. A aplicación informática conta cuns espazos habilitados para poder achegar os documentos:



Xustificante (max. 4M):

No momento de xerar os anexos III e a relación de méritos **comprobe que no borrador figuran reflectidos os nomes dos documentos dixitais**; no caso de que non aparezan, deberán incorporarse, xunto coa solicitude e anexo III, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) no espazo destinado a achega de documentos.

10- ¿Cantos méritos se poden presentar na avaliación adicional?

Para realizar a avaliación adicional teranse en conta un máximo de **6 méritos** en cada un dos apartados: docente e investigador. É importante ter en conta que non será precisa a presentación do número máximo de méritos (12) para poder ser avaliado

En todo caso, en relación á actividade investigadora o máximo de 6 méritos deberá distribuírse entre os subapartados de actividade investigadora (tipo 1) ou de transferencia (tipo 2). O máximo para cada subapartado é de 4 méritos de xeito que as combinacións posibles serán de: 2+4, 3+3 ou 4+2.

11- ¿Que se debe ter en conta ao seleccionar os méritos?

Na valoración final terase en conta a calidade e a importancia dos méritos alegados, A puntuación final será o resultado de aplicar á puntuación resultante da valoración dos concretos méritos achegados, un factor de corrección en atención á traxectoria curricular. Este factor de corrección aplicarase tanto á alza coma á baixa, e non poderá exceder do 20% da puntuación máxima (ata 20 puntos en docencia e 20 en investigación). Deste xeito, nin a presentación de menos de 12 méritos implica necesariamente unha avaliación baixa nin a presentación do máximo de 12 méritos supón a obtención da máxima puntuación.

Na selección dos méritos debe terse en conta as puntuacións máximas establecidas por tipo de mérito polo baremo. Neste sentido pódense presentar máis dun mérito do mesmo tipo (dúas teses doutorais, dous proxectos, dos cursos, etc) pero cada un deles será considerado unha das 12 aportacións máximas permitidas. A única excepción e no caso da **amplitude, intensidade e tipo da docencia, enquisas e estadías**, respecto dos cales se deberán alegar todos os cursos correspondentes ao período avaliado nesta convocatoria, que será considerado como unha única achega.

Para obter unha orientación relacionada cos indicios de calidade que se van ter en conta na avaliación de cada mérito, así como a forma máis axeitada de xustificación dos mesmos, debe consultarse a “**Guía do solicitante**”, que está publicada na web de ACSUG.